

## MODELO SOGAMA

### DATOS XESTIÓN RESIDUOS URBANOS 2019

O modelo Sogama susténtase na aplicación prioritaria do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclable.

A súa xestión céntrase en dúas fraccións de refugallos: bolsa negra, é dicir, o residuo convencional depositado pola cidadanía nos contedores verdes, do que recupera a parte susceptible de ser reciclada (vidro, papel/cartón, diferentes tipos de plásticos, briks, etc), sometendo a valorización enerxética o resto; e bolsa amarela, isto é, os envases de plástico, latas e briks recollidos a través dos contedores amarelos, que clasifica por tipoloxías para o seu posterior envío aos centros recicladores.

Trala súa ampliación, o Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC) conta con capacidade para tratar 1 millón de toneladas anuais, é dicir, todos os residuos urbanos producidos en Galicia.

Os datos correspondentes ao ano 2019 son os seguintes:

- Reciclaxe:	137.950 t
- Valorización enerxética:	550.653 t
- Vertedoiro (rexeitamentos do CMC):	204.229 t
- Vertedoiro (residuos directos):	40.679 t

